



BOP

LUNES, 7 DE NOVIEMBRE DE 2016

Nº 255

DIPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.org

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

CONCELLOS

LUGO

Anuncio

FORMALIZACIÓN DE CONTRATO

En cumprimento do disposto no artigo 154 do Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público faise público:

1.- Entidade adxudicadora.

a) **Organismo:** Excmo. Concello de Lugo.

b) **Dependencia que tramita o expediente:** Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento.

2.- Obxecto do contrato.

a) **Tipo de contrato:** servizos

b) **Descrición do obxecto:** A realización de actividades incluídas dentro da programación sociocultural dos centros de convivencia municipais que conleva o desenvolvemento de actividades de ocio e tempo libre, o servizo de atención e dinamización sociocultural así como a subministración de determinado material funxible preciso para o desenvolvemento das actividades, e saídas exteriores e excursións, de acordo co prego de prescricións técnicas.

3.- Tramitación e procedemento.

a) **Tramitación:** ordinaria

b) **Procedemento:** aberto

c) **Publicidade:** Si

Anuncio de licitación no BOP do 30-06-2016 e no perfil do contratante.

4.- Tipo de licitación:

a) **Orzamento máximo do contrato:** O valor estimado do contrato ascende a 191.553,56 euros, IVE excluído.

5.- Adxudicación:

a) **Data:** 21-09-2016

b) **Contratista:** SERVIPLUSTOTAL, S.L.

c) **NIF:** B-70.019.294

d) **Nacionalidade:** Española

e) **Orzamento máximo do contrato:** O gasto total do contrato é de 176.572 euros, que sumado o IVE (10%), 17.657,20 euros, resulta un total de 194.229,20 euros, IVE incluído.

6.- Formalización:

a) **Data de formalización:** 21-10-2016

b) **Duración do contrato:** A duración do presente contrato é de DOUS ANOS, contados a partires da formalización do contrato administrativo, podendo ser obxecto de prórroga por mutuo acordo das partes por outro período máximo anual, sen que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas poida exceder de TRES ANOS.

Lugo, 21 de outubro de 2016.- A ALCALDESA, P.D. TENENTE-ALCALDE DA ÁREA, Ana Prieto Nieto.

R. 3285

PALAS DE REI

Anuncio

Aprobado por Resolución da Alcaldía de data 25/10/2016o inicio do expediente de investigacióndo camiño que bordea,entre outras, a parcela 183 do polígono 101 para os efectos de determinar a titularidade correcta deste de acordo co disposto no artigo 49 do Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais, procédese á publicación deste acordo no *Boletín Oficial da Provincia de Lugo*.

Desde o día da data da devandita publicación, expoñerase, así mesmo, un exemplar do anuncio do Boletín no taboleiro de anuncios do Concello de Palas de Rei, durante quince días, co obxecto de que as persoas afectadas polo expediente poidan alegar por escrito todo o que consideren conveniente para o seu dereito, para o que achegarán os documentos en que baseen as súas alegacións no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao día en que se deba dar por rematada a exposición no taboleiro.

Palas de Rei, 26 de outubro de 2016.- ALCALDE, PABLO JOSE TABOADA CAMOIRA

R. 3286

RÁBADE

Padrón Tributario da taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiro canon da auga e recollida de lixo do 5º bimestre do exercicio 2016.

Por Decreto da Alcaldía de data 24 de outubro do 2016, aprobouse o Padrón Tributario da taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiro, canon da auga e lixo, correspondente o quinto bimestre do exercicio 2016, cuxo importe total ascende a cantidade de " 71.720,32 " (setenta e un mil setecentos vinte con trinta e dous) euros, así como a apertura dun período de información pública por prazo de un mes a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido na Secretaría do Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario dende o día 1 ó 30 de novembro do 2016.

Contra o acto de aprobación do padrón da taxa prestación do servizo de augas, sumidoiro e lixo e das liquidacións incorporadas a este, poderase formular recurso de reposición ante esta Alcaldía , no prazo de un mes contado dende o día seguinte ao de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que poidan interpoñerse ambos simultaneamente.

Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas serán esixidas polo procedemento de constrinximento a través do servizo provincial de recadación co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) da Xunta de Galicia, no prazo dun mes dende o día seguinte ao remate de exposición pública do padrón.

A falta de pagamento en período voluntario do canon de auga suporá a esixencia directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Rábade, a 24 de outubro do 2016.- O ALCALDE, Xosé Fernández Montes

R. 3287

RIBEIRA DE PIQUÍN

Anuncio

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o 19 de outubro de 2016 prestouse aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de setembro de 2016, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen